



1. Os prazos expresados en días

- a) Contaríanse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate
- b) Contaríanse dende o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou a desestimación por silencio administrativo.
- c) **As letras a) e b) son correctas**

2. Cando se trata de actos integrantes dun procedemento selectivo o de concurrencia competitiva de calquer tipo segundo o artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) **A convocatoria do procedemento deberá indicar o medio onde se efectuarán as sucesivas publicacións, carecendo de validez as que se leven a cabo en lugares distintos.**
- b) A convocatoria do procedemento deberá indicar o medio onde se efectuarán as sucesivas publicacións, no obstante serán válidas fronte a terceiros as que se leven a cabo en lugares distintos.
- c) Ningunha das anteriores respostas é correcta

3. Indique qué afirmación é correcta respecto do trámite de audiencia regulado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) Os interesados nun prazo non inferior a dez días naturais nin superior a quince naturais, podrán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.
- b) Os interesados nun prazo non inferior a 15 días hábiles poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.
- c) **Os interesados, nun prazo non inferior a dez días hábiles nin superior a quince días hábiles, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.**

4. Conforme establece a Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia:

- a) **Os anuncios de convocatorias de probas de acceso ao emprego público local e dos procedementos para a provisión de postos de traballo han de publicarse no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. As bases publicaríanse no boletín oficial de la provincia.**
- b) Os anuncios de convocatorias de probas de acceso ao emprego público local e dos procedementos para a provisión de postos de traballo han de publicarse no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia e no boletín oficial da provincia. As bases publicaríanse no boletín oficial de la provincia.
- c) Os anuncios de convocatorias de probas de acceso ao emprego público local han de publicarse no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. As bases publicaríanse no boletín oficial de la provincia

5. A carreira profesional e a promoción do persoal laboral faránse efectivas,



segundo a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia:

- a) Da mesma forma que para o persoal funcionario de carreira.
- b) Da mesma forma que para o persoal funcionario de carreira sen perxuízo das especialidades previstas para o persoal das Entidades Locais no Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- c) **A través dos procedementos previstos na lexislación laboral e os convenios colectivos.**

6. Conforme establece a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia a permuta require:

- a) Que a ningunha das dúas personas lle falte menos de 3 anos para cumprir a idade de xubilación forzosa.
- b) Que as personas que pretendan a permuta prestasen un mínimo de 3 anos de servizos efectivos como persoal funcionario de carreira.
- c) **Que os postos de traballo teñan o mesmo complemento retributivo.**

7. Segundo o previsto no artigo 101 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia o prazo máximo da comisión de servizos forzosa será de:

- a) 1 mes.
- b) 1 ano.
- c) **tres meses**

8. Dacordo co previsto no artigo 149 da Constitución Española, ¿cal das seguintes materias non é competencia exclusiva do Estado?:

- a) **Ordenación do territorio, urbanismo e vivienda**
- b) Lexislación sobre propiedade intelectual e industrial
- c) Fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica

9. A reforma dos Estatutos de Autonomía das Comunidades Autónomas requirirá, en todo caso:

- a) Autorización do Consello de Ministros
- b) Aprobación do Senado
- c) **Aprobación das Cortes Xerais mediante Lei Orgánica**

10. ¿En qué artigo da Constitución Española encontrase consagrado o principio da autonomía local?

- a) Artigo 138
- b) **Artigo 137**
- c) Non se recolle este principio na Constitución Española

11.-¿Qué é o maistrening de xénero?

- a) **A transversalidade de xénero**
- b) A desigualdade de xénero
- c) A igualdade de xénero

12.-A Comisión Europea aprobou a Estratexia para a Igualdade de Xénero na Unión Europea (UE) 2020-2025 co fin de avanzar no cumprimento da igualdade de xénero en tanto principio fundamental da UE nos cinco próximos anos. Para



iso a Estratexia centra os seus esforzos en catro áreas temáticas, ¿cal non é unha destas?

- a) Abordar a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres no mundo, a través da política exterior e a política comercial da UE.
- b) Avanzar na igualdade nos postos de mando en todos os ámbitos da sociedade
- c) Todas estas áreas forman parte da estratexia**

13.-Segundo o artigo 3 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:

- a) O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigacións familiares e o estado civil**
- b) O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social
- c) O principio de igualdade é un principio universal

14.-Segundo o artigo 35 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ¿é posible que para a concesión de subvencións das administracións públicas se valore a obtención de calquer distintivo empresarial?

- a) Non
- b) Sí
- c) Só pode valorarse a obtención do distintivo empresarial en materia de igualdade regulado na referida lei.**

15.-¿Cal é a data da cuarta onda do feminismo?

- a) O século XIX
- b) O século XX
- c) A actualidade**

16.-¿Qué é o androcentrismo?

- a) Un tipo de organización social no que a autoridade a exerce o home xefe de familia, dono do patrimonio, do que formaban parte os fillos, a esposa, os escravos e os bens
- b) A visión do mundo que sitúa ao home como centro de tódalas cousas**
- c) A visión do mundo que potencia a igualdade entre os homes e as mulleres

17.-¿Qué é a socialización de xénero?

- a) A socialización de xénero é o proceso mediante o cal os nenos e nenas aprenden que non hai diferencias entre homes e mulleres
- b) A socialización de xénero é o proceso mediante o cal os nenos e nenas aprenden as expectativas sociais, actitudes, comportamentos e aparencia tipicamente asociados a cada xénero. Así, ensinámoslles que ser unha muller é ser coqueta, delicada e levar saia, e que ser un home é ser dominante, forte e levar o pelo curto**
- c) Ningunha resposta é correcta

18.-Segundo o artigo 9 do Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero:

- a) A contratación de mulleres vítimas da violencia de xénero é obxecto de bonificación nas cotas á seguridade social, tanto se é indefinida como temporal,**



segundo o establecido no artigo 2.4 da Lei 43/2006 do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego

- b) Só a contratación indefinida de mulleres vítimas da violencia de xénero é obxecto de bonificación nas cotas á seguridade social segundo o establecido no artigo 2.4 da Lei 43/2006 do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego
- c) A contratación de mulleres vítimas da violencia de xénero ten cota cero á seguridade social, tanto se é indefinida como temporal, segundo o establecido no artigo 2.4 da Lei 43/2006 do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego

19.-Segundo o artigo 8 da lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, ¿cal é a estrutura básica dos servizos sociais?

- a) Servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos
- b) Servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados**
- c) Servizos sociais comunitarios e servizos sociais individuais

20.-Segundo a lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, ¿como non poder ser prestados os servizos sociais nas administracións públicas galegas?

- a) Por xestión indirecta
- b) Por réxime de concerto social
- c) Por convenios con entidades privadas**

21.-O Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, establece que:

- a) As situacións de violencia de xénero que dan lugar ao recoñecemento dos dereitos acreditaranse mediante unha sentenza condenatoria por un delito de violencia de xénero, unha orde de protección ou calquera outra resolución xudicial que acorde unha medida cautelar a favor da vítima, ou ben polo informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero**
- a) As situacións de violencia de xénero que dan lugar ao recoñecemento dos dereitos unicamente poden acreditarse cunha sentenza condenatoria por un delito de violencia de xénero
- c) As situacións de violencia de xénero que dan lugar ao recoñecemento dos dereitos acreditaranse coa presentación dunha denuncia da vítima ante o órgano xudicial que corresponda

22.-¿Cando é obligatorio elaborar un plan de igualdade?

- a) Sempre
- b) Nunca
- c) Cando sexa unha empresa de 50 ou máis traballadores**

23.-Segundo o artigo 11 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o uso non sexista da linguaxe consiste:

- a) O uso non sexista da linguaxe consiste no emprego de expresións lingüisticamente correctas como substitutas doutras que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun nivel secundario con respecto ao masculino
- b) O uso non sexista da linguaxe consiste no emprego de expresións lingüisticamente correctas como substitutas doutras, correctas ou non, que**



invisibilizan o feminino ou o sitúan nun nivel secundario con respecto ao masculino

c) O uso non sexista da linguaxe consiste no emprego de expresións lingüisticamente correctas, ou non, como substitutas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun nivel secundario con respecto ao masculino

24.-Segundo o disposto no artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros sitúan persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo defínese como:

- a) **Discriminación directa**
- b) Acoso moral por razón de xénero
- c) **Discriminación indirecta**

25.-Conforme ao disposto no artigo 50 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega reservarase unha porcentaxe das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria de:

- a) 25 %
- b) **50 %**
- c) 33 %

26.-Conforme ao disposto no artigo 59 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para a tramitación do procedemento informal de solución, a dirección de persoal de cada unidade administrativa ou de cada centro de traballo, tras a audiencia da representación legal de persoal ao seu mando, designará un asesor ou asesora confidencial:

- a) En todo caso unha muller
- b) **Preferiblemente unha muller**
- c) Un representante do sindicato máis representativo da devandita unidade

27.-¿Pode unha persoa empadroada en Ourense acudir ao CIM de Barbadás?

- a) Non, o concello de Ourense ten seu propio CIM
- b) Sí, podendo esixir a atención inmediata
- c) **Sí, pero neste caso o persoal do centro poderá derivar a atención ao concello de Ourense**

Artigo 3. Ámbito territorial de prestación dos servizos do CIM

28.-¿Cantas fases ten o ciclo da violencia nas relacións de parella?

- a) **Tres ou catro, segundo as teorías seguidas**
- b) Cinco
- c) Unha

29.-¿Que é o ATENPRO?

- a) **O Servizo Telefónico e Protección ás vítimas de violencia sexista (ATENPRO), é un dispositivo de teleasistencia que permite aos usuarios pode entrar en contacto en calquera momento momento cun Centro atendido por persoal**



especificamente preparado para dar a resposta adecuada á súa situación persoal.

b) O Servizo de Atención e Protección ás vítimas de violencia sexista (ATENPRO), é un servizo que permite aos usuarios pode entrar en contacto en calquera momento momento cun Centro atendido por persoal especificamente preparado para dar a resposta adecuada á súa situación persoal.

c) O Servizo de Atención Próxima (ATENPRO), é un servizo que permite aos usuarios pode entrar en contacto en calquera momento momento cun Centro de Información á Muller.

30.-¿Cal é a finalidade do CEMVI?

a) Proporcionar un aloxamento inmediato e de curta duración ás mulleres que se atopen inmersas nunha situación de maltrato e garantirlles acollida de emerxencia mentres se avalía a súa situación e/ou se realiza o dispositivo máis axeitado.

b) Proporcionar un aloxamento inmediato e de curta duración ás mulleres e as súas persoas dependentes que se atopen inmersas nunha situación de maltrato e garantirlles acollida de emerxencia mentres se avalía a súa situación e/ou se realiza o dispositivo máis axeitado.

c) Proporcionar un aloxamento inmediato ás mulleres que se atopen inmersas nunha situación de maltrato e garantirlles acollida de emerxencia mentres se avalía a súa situación e/ou se realiza o dispositivo máis axeitado.

31.-Segundo o artigo 7 do Real decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero, ¿cales son as fases do programa formativo específico para favorecer a inserción sociolaboral?

a) Fase primeira de formación e fase segunda de execución

b) Fase primeira de formación profesional para o emprego e fase segunda de desenrolo laboral

c) Fase primeira de preformación e fase segunda de formación profesional para o emprego

32.-¿Que é a corresponsabilidade?

a) A corresponsabilidade é un termo que fai referencia á distribución equilibrada, equitativa e funcional da planificación, organización e realización das tarefas domésticas, coidados de menores e persoas dependentes.

b) A corresponsabilidade é un termo que fai referencia á planificación equilibrada, equitativa e funcional da organización das tarefas domésticas, coidados de menores e persoas dependentes, espazos educativos e traballo remunerado.

c) A corresponsabilidade é un termo que fai referencia á distribución equilibrada, equitativa e funcional da planificación, organización e realización das tarefas domésticas, coidados de menores e persoas dependentes, espazos educativos e traballo remunerado.

33.-¿Cal non é un requisito para ser beneficiaria do Programa de axudas para a concesión das estadias de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas?

a) Ter fillas e/ou fillos exclusivamente a cargo de entre 2 e 12 anos

b) Estar empadroado e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia

c) Ter fillas e/ou fillos exclusivamente a cargo de entre 2 e 16 anos

34.-As traballadoras, por lactancia dun fillo menor de nove meses, terán dereito



a unha hora de ausencia no traballo, que poden dividir en dúas fraccións.

A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade. Este permiso poderá gozarse indistintamente pola nai ou polo pai se ambos traballan.

- a) Se traballan os dous proxenitores é obrigatorio que o permiso o disfrute a nai
- b) Se o pai disfrutou do permiso de paternidade non pode disfrutar do permiso por lactancia

c) Poderán desfrutalo indistintamente

35.-¿Que real decreto regula a igualdade salarial entre mulleres e homes?

- a) **Real decreto 902/2020, do 13 de outubro**
- b) Real decreto 902/2020, do 13 de novembro
- c) Real decreto 902/2020, do 13 de decembro

36.-En que convención se establece de forma contundente o principio de Mainstreaming ou transversalidade de xénero como estratexia para facer efectivo o principio de igualdade:

- a) Bruxelas en 1994
- b) **Pequín en 1995**
- c) Tokio en 1995

37.-En canto ao contido dos plans de igualdade, no seu diagnóstico, polo menos, deberán contar:

- a) Proceso de selección, contratación e clasificación profesional
- b) Formación e promoción profesional
- c) **Todas as respostas son correctas**

38.-Serán principios informadores de actuación no exercicio de tódalas funcións dos CIMs:

- a) O respecto á confidencialidade e á vontade das usuarias na búsqueda de posibles solucións
- b) A coordinación cos servizos sociais comunitarios e demais servizos municipais
- c) **Todas son correctas**

39.-A teoría da indefensión aprendida, no caso da violencia de xénero:

- a) **Explica que debido ao desgaste psicolóxico e tras reiterados episodios de violencia, a muller interioriza a inutilidade das súas estratexias para evitalos e queda sometida e anulada, entendendo que calquer cousa que faga resultará inútil**
- b) Foi proposta inicialmente por Leonor Walker
- c) Todas as respostas son correctas

40.- A violencia de xénero a que se refire a Lei 1/2004, non inclúe como violencia de xénero:

- a) As agresións á liberdade sexual.
- b) As ameazas.
- c) **A privación legal de liberdade**



41. Dacordo co artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Xunta de Goberno Local está integrada por:

- a) O Alcalde e un número de Concelleiros non superior a un cuarto do número legal dos mesmos.
- b) O Alcalde e a totalidade dos Concelleiros.
- c) O Alcalde e un número de Concelleiros non superior a un tercio do número legal dos mesmos.**

42.- ¿En qué título da Constitución Española regulase a organización territorial do Estado?

- a) Título VIII**
- b) Título VII
- c) Título VI

43.- O artigo 141 da Constitución Española de 1978 prevé a posibilidade de:

- a). Crear agrupacións de provincias dentro da mesma Comunidade Autónoma.
- b). Fusionar provincias limítrofes, previa consulta por referéndum os seus habitantes.
- c). Crear agrupacións de municipios diferentes da provincia.**

44.- Año de aprobación da Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller

- a) 1979**
- b) 1981

C)Ninguna é correcta

45.- A III Conferencia Mundial sobre a Muller introduce dos compromisos específicos para os Estados - a asistencia ás mulleres vítimas de violencia e a necesidade de fomentar e acrecentar a conciencia pública neste tema, fomentando a responsabilidade de toda a sociedade civil - Dita conferencia tuvo lugar en...

- a)Nairobi en 1985**
- b)Nairobi en 1995
- c)Beijing en 1985

46.-.A maior novidade da Lei Orgánica 3/2007 radica en...

- a) O establecemento de criterios
- b) A prevención de condutas discriminatorias**
- c) A sanción penal da violencia de xénero



Concello de Barbadás

47.-.Non é función da dirección do CIM:

- a) Coordinación con outros servizos
- b) Realización de prácticas de grupo e talleres de autoestima**
- c) Coordinación, en su caso do centro de documentación

48.-En cantos capítulos se estrutura o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:

- a) 6
- b) 4
- c) 3**

49.-Cal das seguintes non é unha asociación de apoio ao colectivo LGTBI en Galicia

- a) Aseia**
- b) Nós mesmas
- c) Avante

50.-.Cando están obrigadas as empresas a elaborar un plan de igualdade

- a) Cuando teñen máis de 250 persoas traballadoras
- b) Cuando teñen máis de 150 persoas traballadoras
- c) Cuando teñen máis de 50 persoas traballadoras**

51.-. As provincias son:

- a). Entidades determinadas pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado
- b). Entidades cuxo goberno e administración está encomendado a Diputacións ou outras Corporacións de carácter representativo
- c). Todas as respostas son correctas**

52.- Segundo a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia, cando se produza unha conducta que, en función da orientación sexual ou identidade de xénero dunha persoa, persiga attentar contra a súa dignidade e/ou crear un entorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante, ofensivo ou segregador, estamos falando de:

- a) Discriminación directa
- b) Discriminación múltiple
- c) Acoso discriminatorio**

53.-Cal é o termo ao que se refiren ls distintas causas (traballo maternal, doméstico, ...) que manteñen a moitas mulleres atrapadas na base da pirámide económica dificultando a súa carreira laboral

- a) Brecha de xénero
- b) Suelo pegaxoso**
- c) Techo de cristal



54.-En qué ano aprobouse a Declaración e Plataforma de Beijing que supuxo a folga de ruta para lograr a igualdade de xénero e os dereitos humanos das mulleres e das nenas en todo o mundo

- a) 1997
- b) 2000
- c) 1995**

55.-Se incluíra un programa de acción específico para as vítimas de violencia de xénero inscritas como demandantes de emprego segundo a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro

- a) No marco do Plan de Emprego do Observatorio Estatal de violencia de xénero
- b) No marco do Plan de Emprego do Reino de España**
- c) No marco do Plan de Emprego do Instituto da Muller

56.- Segundo dispónse o artigo 16 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ¿cal de estas afirmacións non é certa respecto do Padrón Municipal?:

- a) Os datos do Padrón municipal constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual no mesmo.
- b) As certificacións que de ditos datos se expidan non tendrán carácter de documento público e fehaciente para todos os efectos administrativos.**
- c) A inscrición no Padrón Municipal deberá ser objeto de renovación periódica cada dous anos cando se trate da inscrición de extranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente.

57.-O protocolo de colaboración entre a FEGAMP e a Secretaría Xeral de Igualdade, pretende:

- a) Crear estruturas de coordinación nos centros educativos
- b) Impulsar actuacións contra a violencia de xénero no ámbito local de forma coordinada**
- c) Todas son correctas

58.- Cales destas medidas se inclúen no Capítulo IV (Medidas no ámbito da educación) da Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de persoas LGTBI de Galicia

- a) Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos
- b) Actitudes
- c) Todas son correctas**

59.-Cál é o prazo máximo de execución das actividades subvencionadas dentro do Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero,



Concello de Barbadás

regulado a través da convocatoria de subvencións as entidades locais da Comunidad Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade

- a) 30 de setembro
- b) 30 de novembro
- c) 31 de decembro

60.-Segundo a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, unha diferenza de trato baseada nunha característica relacionada co sexo cando, debido á natureza das actividades profesionais concretas o ao contexto en que se leven a cabo, dita característica constituya un requisito profesional esencial e determinante, sempre e cando o objetivo sea lexítimo e o requisito proporcionado

- a) Constituirá discriminación no acceso ao emprego, incluída a formación necesaria
- b) Non constituirá discriminación no acceso ao emprego, incluída a formación necesaria**
- c) Non constituirá discriminación no acceso ao emprego, salvo a formación necesaria

RESERVA

1.- A distribución de fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero asignados aos concellos regulados no Real Decreto- Lei 9/2018, de 3 de agosto, señala a incorrecta

- a) Os fondos deberán destinarse a programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero
- b) A cantidade transferida será en función dos habitantes de dereito do termo municipal**
- c) Se habilita ao goberno, polo Real Decreto do Consello de Ministros, para que modifique as cuantías a distribuír, os criterios e o procedemento de distribución

2.-Segundo o Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller das entidades locais de Galicia, o director ou a directora deberá acreditar formación en materia de igualdade e experiencia en algún dos seguintes campos:

- a) Igualdade de oportunidades por razón de xénero ou da diversidade sexual
- b) Voluntariado e dinamización social ou de grupos
- c) Todas son correctas**

3.-En relación á solicitude de subvencións, a que se refire o procedemento de concurrencia non competitiva

- a) Significa que se adxudicará a subvención ás entidades que obteñan a máxima puntuación nos criterios establecidos

Concello de Barbadás



Concello de Barbadás

b) Significa que se adxudicará a subvención atendendo unicamente á orde de entrada (data de rexistro)

c) Significa que unicamente se adxudicará a subvención á primeira entidade solicitante e sólo se admitirá unha única solicitude

4.-En relación ao Programa de apoio aos CIM, regulado na Convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cales son as cuantías subvencionables en canto ao coste do persoal

a) Os postos ocupados por persoal fixo, cando a dedicación sexa a tempo completo a axuda será de ata 30.000€ por posto e cando sexa a tempo parcial será de ata 18.000€ por posto

b) Os postos ocupados por persoal temporal o mercantil, a axuda será de ata 14.000€ o 12.000€ por posto en función do perfil profesional

c) Todas son correctas

5.-Segundo as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, concretamente no Programa de apoio aos CIM, os postos de traballo subvencionables son:

a) Dirección, asesoramiento xurídico e atención psicolóxica

b) Atención psicolóxica, asesoramiento xurídico, axentes de igualdade e dirección

c) Dirección, asesoramiento xurídico, atención psicolóxica, axentes de igualdade e de dinamización do territorio con enfoque de xénero

6.-.Con qué frecuencia se debe convocar a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional fronte á violencia de xénero

a) Será convocada, de forma ordinaria, como mínimo, con unha periodicidade anual

b) Será convocada, de forma ordinaria, como mínimo, cada seis meses

c) Ningunha é correcta

7.-.Cales dos seguintes non son servizos de conciliación do Concello de Barbadás

a) Estancias de ocio e tempo libre para mulleres con cargas familiares non compartidas

b) Escola infantil municipal

c) Ludoteca municipal

8.-.Cal das seguintes non é función do técnico ou da técnica de igualdade no ámbito municipal

a) Intervir na promoción e orientación laboral das mulleres

b) Elaborar ordenanzas municipais que fomenten la igualdad e incidan en la calidad de vida de las mujeres del municipio

c) Diseñar e impulsar medidas específicas de acción positiva

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



9.-Como se denomina a liña de axudas do programa Emega destinadas a impulsar a implementación de iniciativas empresariais de carácter innovador, con contido científico o con base tecnolóxica promovidas por mulleres

- a) Líña Activa
- b) Líña ITEF
- c) Líña Concilia**

10.-. Dacordo co establecido na Ley Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de xénero, sinala a resposta INCORRECTA:

a) As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a recibir plena información e asesoramento adecuado a súa situación persoal, a través dos servizos, organismos ou oficinas que poidan dispoñer as Administracións Públicas.

b) As traballadoras por conta propia vítimas de violencia de xénero que cesen na súa actividade para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, non se lles suspenderá a obrigaón de cotización durante un período de seis meses.

c) A trabadora vítima de violencia de xénero terá dereito, nos termos previstos no Estatuto dos Traballadores, á redución ou á reordenación do seu tempo de traballo, á mobilidade xeográfica, ao cambio de centro de traballo, á adaptación do seu posto de traballo e aos apoios que precise por razón da súa discapacidade para a súa reincorporación, á suspensión da relación laboral con reserva de posto de traballo e á extinción do contrato de traballo.